

# COPA MÖRLING DE DORNAS A VELA<sup>1</sup>

## REGULAMENTO



1 **FONTOIRA** é unha fonte tipográfica inspirada no estilo tradicional de foliar os barcos nos portos d'O Grove e Meloxo. Detrás desta fonte están dous mecos: Lino Prieto (nacido no barrio de Katanga pero exiliado ao Montañío) e Rubén Prol (do barrio d'O Con). "Puxemos moita ilusión en dixitalizar o que consideramos un impagable patrimonio gráfico da nosa vila."

A fonte é utilizada no logo da Copa Mörling así como noutras aplicacións da súa identidade gráfica.

NOTAS a esta versión do Regulamento (v2 / maio de 2023)

Este Regulamento é resultado da compilación de distintos documentos, prácticas e acordos, emanados ao longo de anos nos distintos colectivos do patrimonio marítimo e fluvial galego que teñen organizado no pasado ou seguen organizando regatas de dornas. Varios destes documentos refundidos conformaron o Regulamento da Copa Mörling de Dornas a Vela que, na súa primeira versión, foi acordado a comezos de 2022 polos colectivos que organizaron algunha das regatas puntuábeis para a Copa Mörling.

- CM A Reibo de Poio
- AC Dorna da Arousa
- AC Amigos da Dorna Meca do Grove
- AC A Torre de Cambados
- AC Amigos da Dorna de Portonovo

Para esta segunda versión, preparada durante os primeiros meses de 2023 e na que participaron de novo os colectivos anteriores xunto con varios membros da Xunta Directiva de Culturmar, contempláronse algúns criterios que expoñemos a continuación:

- Favorecer a máxima participación nas regatas, primando o seu carácter colaborativo, participativo e divulgativo fronte ao carácter competitivo da Copa.
- Establecer un marco normativo asumíbel polas tripulacións participantes e que sirva de referencia para dilucidar aquelas cuestións que poidan suscitarse durante a celebración das regatas ou, en xeral, no decurso da Copa Mörling.
- Favorecer a unificación de criterios á hora de establecer as características que deben cumprir as dornas participantes, afondando así na recuperación e salvagarda das fasquías tradicionais, materiais, medidas e outros elementos materiais, así como dos propios saberes tradicionais do velear en dorna.

Baixo estas premisas, o Regulamento non debe ser entendido como un instrumento de exclusión, senón como un punto de confluencia baixo o espírito do consenso arredor dos obxectivos que persegue a Copa Mörling, e en xeral a propia Culturmar e todos os colectivos que a integran.

Así, en sentido oposto á rixidez, establécese como principio a posibilidade de que o Regulamento se aplique coa razoábel flexibilidade que aconsellan, nunha man, os criterios expostos anteriormente, e na outra, a prudencia que vén imposta polo necesario proceso de maduración, experimentación e adaptación dos barcos e tripulacións á hora de confluír nun texto, aínda vivo, que represente finalmente de xeito fiel os obxectivos marcados.

En atención ao antedito, enténdese que o Comité Organizador da Copa será quen de determinar en última instancia os límites desta flexibilidade, se ben a vocación do Regulamento é que acabe sendo de obrigado cumprimento aos efectos de que se cree un marco claro e estábel para a organización da Copa.

Fica previsto, con todo, que se abra a posibilidade da participación de dornas nas distintas regatas fóra de competición na Copa, caso no que deberán inscribirse na regata ou regatas correspondentes, atendendo ás necesidades organizativas, de seguridade e de responsabilidade civil, aínda que non puntúen na Copa Mörling, ben sexa por non estar interesadas na fase competitiva, ben por exceder de forma clara a norma establecida neste Regulamento.

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO
3. A EMBARCACIÓN, VELA E APARELLOS: MEDIDAS<sup>2</sup>
4. GRUPOS E CATEGORÍAS
5. A TRIPULACIÓN
6. O COMITÉ DE REGATA
7. SISTEMA DE PUNTUACIÓN
8. ANEXO 1. FOLLA DE INSCRICIÓN NA COPA

---

2 Xúntase a este documento un Anexo final que contén algúns gráficos explicativos dos xeitos de medir os elementos característicos das dornas.

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente Regulamento está dirixido á organización de regatas de Dornas a Vela, e especialmente as regatas puntuábeis para a Copa Mörling, procurando unhas normas e criterios comúns para todos os barcos e tripulacións participantes que permitan unha competición en igualdade de condicións á vez que contribúan a preservar as características básicas das dornas que tradicionalmente navegan nas nosas rías.

O propósito das restricións ás que están sometidas o casco e as velas da dorna en virtude deste regulamento é asegurar, na medida do posíbel, unhas condicións homoxéneas en canto á capacidade de competición para todas elas.

Tanto este Regulamento, como marco organizativo da Copa Mörling de Dornas a Vela, como as posteriores modificacións que se puideran producir, corresponderanse co espírito participativo, colaborativo e integrador que preside o funcionamento de Culturmar, e estarán sempre encamiñadas a preservar as técnicas de navegación tradicional en dorna e, en xeral, a salvagardar a nosa cultura mariñeira, a través neste caso da clarificación daqueles termos e procesos relacionados coa organización das regatas e da propia Copa.

Así, as modificacións defenderán sempre como principio a navegación tradicional das dornas, excluindo calquera innovación que desvirtúe as condicións de navegación, os aparellos ou as manobras de por si naturais das dornas.

Os cambios ou melloras que poidan introducirse ao presente Regulamento non prexudicarán ás embarcacións máis antigas, nin diminuirán a súa capacidade de regatear.

Do mesmo xeito as posíbeis variacións deberán observar un custo económico razoábel, primando sobre todo a divulgación da navegación tradicional en dorna e favorecer o acceso a esta práctica a todos os sectores da sociedade.

## 2. NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

### ACLARACIÓNS PREVIAS

Clasificación das dornas de calime ou escarva (tingladillo):

- Polbeiras: de 7 A 8,5 cuartas de quilla
- Do cordel ou naseira: de 8,5 a 9,5 cuartas (sería a actual dorna de regata)
- Trasmalleira: de 9,5 a 11,5 cuartas
- Xeiteiras ou rasqueiras: de 11,5 cuartas en diante

O regulamento de regata que estamos a definir aplicarase ás **Dornas de pescador ou de cordel** de 8, 8,5, 9 e 9,5 cuartas de quilla.

### SOBRE A EMBARCACIÓN

**O ESCOTILLÓN:** Dada a existencia de dornas con escotillón aberto e mais de escotillón pechado, admítese a participación de ambos os tipos de dornas.

**O EMPANETADO:** As dornas deberán estar equipadas co empanetado que lle corresponde, completo.

**A PROPULSIÓN:** Queda prohibida calquera xeito de propulsión que non sexa a aplicación natural do vento sobre a vela, agás que a organización da regata contemple incluír a boga cos remos nun determinado tramo.

**A CONSTRUCCIÓN:** Con piñeiro do país, coas **táboas de espesor mínimo de 1 cm**. A quilla e remadoiras poderán ser de carballo ou (debida a escaseza do mesmo) de outra madeira de características e dureza similares. O sistema de construción será de **calime** ou **escarva**, contando con tódalas pezas tradicionais que forman a súa estrutura básica. Así, contará coas correspondentes táboas da obra viva e obra morta. Do mesmo xeito respectará a distribución interior tradicional, na que non poderán excluírse os seguintes elementos:

- Corredores.
- Cofíño ou cofete
- Banco de escota
- Panel de popa ou couso
- Cadeira ou viveiro
- Panel de meo
- Tilla ou banco de meo
- Banco do pau ou fagonadura
- Escotillón (aberto ou pechado)
- Pinchón de proa
- Remadoiras

**AS ESCARVAS:** É de obrigado cumprimento que os calimes das táboas do plan, que forman na dorna a característica do “tingladillo”, estean perfectamente definidos e á vista, quedando prohibidos os recheos con materiais que o desvirtúen.

A escarva (parte inferior da táboa de cubrir que sobresaie por riba da táboa de virar), deberá ter un mínimo de 1 cm.

Quedan terminantemente prohibidos, especialmente no calafateado, os recheos excesivos que desvirtúen a tradicional forma da dorna.

Permítese a utilización de produtos de silicona ou similares no calafateado, sempre que cumpran única e exclusivamente o obxectivo da utilización do calafateado tradicional a base de brea.

**O PINTADO:** Faise a distinción entre a obra viva e obra morta.

*Pintado da obra viva:* No seu acabado, non se permite o tratamento con pinturas compostas, esmaltes, resinas ou calquera outra aplicación de dúas compoñentes, que forme unha capa endurecedora sobre a madeira. Exclúese desta prohibición a utilización de imprimacións específicas para o pintado con patente. Así o acabado poderá ser: pintura de aceite (tradicional), patente ou carena.

Sobre a patente, admítese a utilización das patentes tradicionais e mais dos anti-fouling ou de desgaste.

Exclúese expresamente deste Regulamento calquera outro xeito de pintado que non estea aquí definido.

*Pintado da obra morta:* Poderá utilizarse directamente sobre a madeira a pintura tradicional (de aceite), alcatrán, verniz ou protectores da madeira que non teñan compoñentes epoxídicos ou formen capa endurecedora que desvirtúe o acabado da embarcación, interpretándose isto último como unha protección fronte ás evolucións desmedidas (e mal entendidas) da propia embarcación.

## **SOBRE A VELA E A NAVEGACIÓN**

**A VELA:** Será de drin, malla, nylon ou dracón, cunha gramaxe non inferior a 2,5 onzas e as súas medidas definiranse en función da envergadura da dorna.

Non está permitido levar sables de madeira, nin calquera outro reforzo no sotavento da vela que faga a función dos mesmos.

Admítese a colocación na superficie da vela dunha xanela de visibilidade de 30 cm x 80 cm como máximo.

**A ESCOTA:** Non se permite o uso de dobre escota así como o uso de güinches, poleas ou mordedores e carros de escota.

**O DRIZADO DA VELA:** Permítese a montaxe de un só motón simple, que obrigatoriamente deberá ser de madeira.

**NA NAVEGACIÓN:** Prohíbese expresamente o uso de pancas móbiles, soportes, trapecios ou calquera outro medio artificial que permita soportar o peso dos tripulantes fóra da dorna. Esta prohibición non afecta ao uso de estobos ou calquera outro tipo de cabo ou tira amarrada ao interior da embarcación. Permítese que a tripulación poida agarrarse á driza.

## O APARELLAMENTO

Todo o aparellamento (temón, verga, pau, cana do temón e varas de portar), serán de madeira. Non se permitirán, os temóns construídos en chapa mariña ou similares, e para o seu acabado rexerá a mesma norma que para a obra viva da dorna.

No caso do pau, e atendendo ás crecentes dificultades para conseguir paus de piñeiro do país, permitirase a construción do mesmo noutro tipo de madeira e mesmo que este sexa de varias pezas pegadas, sen que esta construción sexa notoria nin desvirtúe o pau orixinario.

**BOMBAS DE ACHIQUE:** Poderán utilizarse as construídas con tubo evacuador e membrana chupona, que funciona mediante sistema manual de desbordamento de auga, ou ben outro sistema de achique manual.

**ESTÁ PROHIBIDO:** A instalación e manexo de calquera artefacto ou aparato de navegación (bombas de achique, corredeiras, equipos de vento ...) eléctrico ou electrónico.

Estará prohibida calquera outra innovación non descrita nos puntos anteriores e que non teña unha base de utilización tradicional e sen evolución dentro da embarcación.

## A SEGURIDADE

En regata será obrigatoria en todo momento a presenza en bo estado de uso dos seguintes elementos:

**CHALECOS SALVAVIDAS:** Un por cada tripulante. O Comité de Regata ou órgano competente na organización da proba PODERÁ esixir a súa utilización cando o considere necesario.

**MEDIOS DE FONDEO:** Será obrigatoria a presenza a bordo dun cabo dun mínimo de 40 m de lonxitude e unha poutada, áncora ou rizon cun peso mínimo de 4 kg.

**FLOTABILIDADE:** As embarcacións estarán obrigatoriamente dotadas dos elementos de flotabilidade suficientes que impidan o seu afundimento cos seus tripulantes a bordo.

A embarcación cun peso de 100 kg a bordo debe ter unha flotabilidade, unha vez adrizada, de 15 cm desde o mar ao barrote.

**REMOS A BORDO:** Contemplados como medida de seguridade, deben ser os propios remos da dorna, en madeira, de dúas pezas con estrobo ou ollado, e deben ir coas pas montadas en todo momento. Non está permitido o seu uso como elemento propulsor en competición de dornas a vela. O seu uso en regata supón a inmediata descualificación da embarcación.

### 3. A EMBARCACIÓN, VELA E APARELLOS: MEDIDAS


Preténdese neste epígrafe delimitar as características da embarcación, feito que permitirá encadrala nunha ou noutra categoría.

**Eslora Total (ET):** Corresponde á medida por fóra do pinchón da proa, ata a prolongación das rabeiras na popa, exceptuando calquera elemento que non forme parte do casco.

**Eslora de casco (EC):** O xeito de medila será desde o punto situado na cuberta pola parte de dentro da proa ata ao empate da cuberta coa estampa de popa.

**Eslora de Flotación (EF):** Será a medida entre as perpendiculares desde a pegadura da roda co pinchón, á altura da parte baixa da táboa de virar, ata a pegadura do cuaño ou barragán coa estampa de popa, por fóra.


**Eslora entre perpendiculares (ou cuartas de quilla) (Q+c):** Médese por dentro (pola voltura), de pegadura a pegadura (Q) e auméntase de 7 a 8 cm (c). Este aumento xustifícase pola parte da quilla que queda tapada por dentro polo encastre do barragán.



**Manga Total (MT):** Médese de fóra a fóra do barrote, na caderna mestra por proa da remadoira, exceptuando calquera elemento que non forme parte do casco.

**Manga de Casco (MC):** Médese por dentro das táboas de cubrir, por riba dos corredores na caderna mestra, no mesmo punto da **MT**. Equivale á medición de couso a meo ou arca, á altura onde empeza a tilla.

**Manga de Flotación (MF):** Será a distancia, medida por dentro, desde o empate das táboas de virar coas táboas de cubrir, a carón da caderna mestra.




**Puntal (P):** Médese largando un cordel desde a parte de dentro da proa ata a pana ou mesa de popa, por riba dos corredores.

**Puntal a Proa (PPr):** É a distancia medida entre a pegadura da quilla coa roda por dentro ata o cordel tensado.

**Puntal a Popa (PPo):** É a distancia medida entre a pegadura que fai a quilla co encaixe do barragán por dentro ata o cordel.



Ao puntal sumaráselle a altura da quilla e teremos o **PUNTAL TOTAL**.



**Sobrequilla:** A súa altura será de 16 cm como máximo e de 10 cm como mínimo.

Poderá levar un reforzo de protección, que será incluído para calcular a altura da táboa da quilla. De xeito indicativo este reforzo non adoita ter máis de 1 cm de espesor e integrarase na forma natural da quilla.

Atendendo ao xeito de montar a quilla na embarcación, deberemos contemplar que esta estea cuberta nunha medida de 3 cm pola primeira táboa.



Deste xeito, á medida que teña a quilla por fóra haberá que sumarlle 3 cm que representan a parte tapada pola táboa.

#### 4. GRUPOS E CATEGORÍAS. MEDIDAS.

Establécese unha única categoría de competición para as dornas a vela, aínda que se definen grupos con características propias de obrigado cumprimento. As medidas veñen expresadas en cm.

<b>Dornas de 8 cuartas</b>			
MEDIDA	ABREV.	VALOR ESTÁNDAR	OBSERVACIÓNS
Eslora Total	ET	404	± 3
Eslora de Casco	EC		
Eslora de Flotación	EF		
Eslora entre perpendiculares	Q+c	168	± 3
Manga Total	MT		
Manga de Casco	MC	145	Valor mínimo
Manga de Flotación	MF		
Puntal a Proa	PPr	81	Valor máximo
Puntal a Popa	PPo	77	Valor máximo

<b>Dornas de 8,5 cuartas</b>			
MEDIDA	ABREV.	VALOR ESTÁNDAR	OBSERVACIÓNS
Eslora Total	ET	422	± 3
Eslora de Casco	EC		
Eslora de Flotación	EF		
Eslora entre perpendiculares	Q+c	178	± 3
Manga Total	MT		
Manga de Casco	MC	151	Valor mínimo
Manga de Flotación	MF		
Puntal a Proa	PPr	86	Valor máximo
Puntal a Popa	PPo	81	Valor máximo

<b>Dornas de 9 cuartas</b>			
MEDIDA	ABREV.	VALOR ESTÁNDAR	OBSERVACIÓNS
Eslora Total	ET	440	± 5
Eslora de Casco	EC		
Eslora de Flotación	EF		
Eslora entre perpendiculares	Q+c	189	± 5
Manga Total	MT		
Manga de Casco	MC		
Manga de Flotación	MF		
Puntal a Proa	PPr		
Puntal a Popa	PPo		

<b>Dornas de 9,5 cuartas</b>			
MEDIDA	ABREV.	VALOR ESTÁNDAR	OBSERVACIÓNS
Eslora Total	ET		
Eslora de Casco	EC		
Eslora de Flotación	EF		
Eslora entre perpendiculares	Q+c		
Manga Total	MT		
Manga de Casco	MC		
Manga de Flotación	MF		
Puntal a Proa	PPr		
Puntal a Popa	PPo		

## AS VELAS

Establécense unhas medidas que deberán ser respectadas na súa confección. As variacións sobre estas medidas adáptanse ás diferenzas entre os distintos grupos de dornas: 8, 8,5 e 9 cuartas.


Defínense as seguintes lonxitudes para os diferentes segmentos que se relacionan, expresadas en cm e correspondentes coas medidas de:

A - Relinga

B - Verga

C - Sotavento (baluma)

D - Arrastre (poxamen)



Tipo de dornas	A	B	C	D
8 cuartas	370	170		320
8.5 cuartas	400	180	365	340
9 cuartas	440	190	410	360
> 9 cuartas	440	190	410	360

Estas medidas poderán verse reducidas en 10 cm por calquera dos seus lados (A, B, C ou D).

En cada regata deberá levarse unha soa vela, coas medidas que correspondan ao seu grupo. Cando as medidas dunha dorna estean comprendidas entre as mínimas do grupo superior e as máximas do grupo inferior, levará a vela que lle corresponda ao grupo inferior.

Se algunha dorna excede das medidas establecidas para 9 cuartas, admitirase utilizando a vela correspondente a 9 cuartas.

## **FORMA DE MEDIR AS VELAS**

### **A RELINGA**

Distinguiremos se o pano leva "relinga", entendida esta como o cabo interior que porta o pano da vela. Neste caso tensorase cun dinamómetro a 30 kg e logo procederá a medir.

Se non leva cabo interior e é o propio pano o que soporta a tensión, tensorase a man ata que estea temperado e medirase.

### **A VERGA, O ARRASTRE E O SOTAVENTO**


Tensorase o pano e logo procederá a medir. De existir cabo interior que soporte a tensión procederemos como para a relinga.

### **OUTRAS CONDICIÓNS DA VELA**

Será condición obrigatoria para todas as velas a colocación de dous rizos e ademais a tradicional poia de correr na relinga, que será equivalente ao puño de amura do hipotético cuarto rizo. Os rizos deberán manter unha separación de 50 cm.

## ANEXO VELA

Admítese o seguinte corte de vela para o grupo de dornas de 9 cuartas, que foi acordado e entrou en vigor en 2005, sen que isto poida xerar conflito coas velas descritas anteriormente, de tal xeito que os dous formatos poidan convivir nas regatas sen prexuízo para ningún regatista. As medidas veñen expresadas en cm.



Tipo de dorna	Relinga	Verga	Sotavento	Arrastre	Resultante	Resultante
	A-B	B-C	C-D	A-D	A-C	B-D
9 cuartas	440	200	361	345	571	370

## XUSTIFICACIÓN


- **A resultante B-D** posibilita poder dispoñer da vela nas tres posicións de inclinación que ten o pau, sen ter que tomar rizos.
- **Relinga A-B**: para un pau de 504 cm.
- **Verga B-C**: medida lonxitudinal da quilla.
- **Arrastre A-D**: distancia desde a amura ao banco.

Mantense a obrigatoriedade da colocación de dous rizos a 50 cm de distancia e a poia de correr como medida de seguridade.

## O TEMÓN

Indícanse as medidas das diferentes seccións do temón para cada tipo de dorna, expresadas en cm:

- A - Parte máis estreita da pá.
- B - Parte máis ancha da pá.
- C - Calado por debaixo da quilla.
- D - Medida desde o ataque do temón ata as táboas do barragán.



Tipos de dornas	A	B	C (máximo)	C (mínimo)
8 cuartas	25	42	29	17
8,5 cuartas	27	44	31	17
9 cuartas	29	47	33	17

## 5. A TRIPULACIÓN

A tripulación base para todas as regatas da Copa deberá estar conformada por unha patroa ou patrón mais proel, que asinarán a folla de inscrición de cada dorna participante na copa Mörling.

Se durante cada unha das distintas regatas, por calquera motivo, esa tripulación non puidese estar ao completo, poderá substituírse como máximo unha das dúas persoas que a integran, de maneira que en todas as regatas navegue cando menos unha das dúas inscritas inicialmente na Copa. Estas substitucións rexistraranse para cada unha das regatas así mesmo na mesma folla de inscrición.

## 6. COMITÉ DE REGATA

O Comité de Regata da Copa Mörling estará composto como mínimo por unha persoa representante de cada un dos colectivos organizadores das probas puntuábeis na Copa.

Cada un dos membros do Comité fará ademais o labor de xuíz nunha regata da Copa, que non coincidirá coa que organiza o seu propio colectivo.

A coordinación de seguridade de cada unha das regatas correrá a cargo do colectivo local organizador, para garantir unha maior efectividade no labor propio desta figura. Para esta coordinación será de aplicación a normativa en vigor RRV 2021/2024.

Corresponde á persoa que exerza o labor de coordinadora de seguridade a decisión sobre a suspensión dunha regata, de conformidade coas condicións meteorolóxicas ao comezo ou durante a proba.

## **SISTEMA DE SAÍDA**

O sistema de saída será igual para todas as probas da Copa consonte se indica a continuación no cadro de bandeiras e pitadas, tendo en conta que os sinais visuais (bandeiras) teñen prioridade sobre os acústicos (pitadas).

Sinal	Tempo antes da saída	Bandeira	Pitadas
Atención	10 min		Varias pitadas longas
Preparación	5 min		3 pitadas curtas
Último minuto	1 min		2 pitadas curtas
Saída	0 min	ARREBOAR 	1 pitada longa

Unha vez que se produza o sinal de preparación as dornas non poderán ter outra propulsión que o vento.

### BARCOS DE COMITÉ E BARCOS DE APOIO

Durante a saída e na chegada, o barco do comité deberá estar amarrado con tempo suficiente na liña de saída e chegada respectivamente.

O número mínimo de barcos de apoio estará determinado polas condicións impostas nas autorizacións de cada proba. Como criterio indicativo establécese que exista unha embarcación de apoio por cada dez dornas participantes, cun mínimo de unha embarcación por cada baliza de paso.

Tanto o barco do comité como os barcos de apoio da regata estarán sinalizados mediante a bandeira "M" (Mörling).



### COMUNICACIÓN

Todas as embarcacións da organización así como as dornas participantes disporán de VHF portátil mariño. Ao inicio da proba designarase o canal da regata.

## 7. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Establecerase unha única clasificación xeral individual das dornas, para o que se aplicará o sistema de puntuación baixa do Apéndice A4 do RRV:

- Primeiro: 1 punto
  - Segundo: 2 puntos
  - Terceiro: 3 puntos
  - ...
- a. A puntuación provisional da proba virá definida pola posición de chegada das dornas á liña de chegada.
- b. A puntuación de cada proba será a que resulte das correccións da puntuación provisional logo das inspeccións, medicións, reclamacións ou reposicións que se formulen.
- c. A clasificación definitiva da regata será a que resulte de sumar as puntuacións dun máximo de cinco probas, logo de excluír a peor puntuación das seis, no seu caso, ordenadas de menor a maior.

### **OBSERVACIÓNS**

- a. En caso de empate entre dúas ou máis embarcacións, realizarase unha pequena proba, nun rumbo barlovento-sotavento de 100 m aproximadamente, a unha soa volta.
- b. A puntuación dunha dorna que non comeza (DNC) será o número total de dornas inscritas na regata máis dous.
- c. A puntuación dunha dorna que non finaliza (DNF) será o número de dornas participantes nesa proba máis un.
- d. A puntuación dunha dorna descalificada (DSQ) será o número de dornas participantes nesa proba máis dous.

## 8. ANEXO: FOLLA DE INSCRICIÓN NA COPA

Inscripción para a participación na

**COPA MÖRLING DE DORNAS A VELA**

As persoas que asinan esta folla de inscrición, en calidade de tripulación base (patroa ou patrón e proel), declaran que a dorna inscrita ao seu nome conta co correspondente seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria para embarcacións de recreo e deportivas en vigor, constituído en aplicación do RD 62/2008 polo que se aproba o "Regulamento das condicións de seguridade marítima, da navegación e da vida humana no mar aplicábeis ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico deportivas".

Igualmente declaran que toda a tripulación conta co correspondente seguro individual en vigor.

DATOS DA DORNA				
<b>Nome</b>			<b>Puntúa Copa</b>	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<b>Tipo de dorna</b>	<input type="checkbox"/> 8 cuartas	<input type="checkbox"/> 8,5 cuartas	<input type="checkbox"/> 9 cuartas	<input type="checkbox"/> 9,5 cuartas
<b>Tripulación Base</b>	<b>Tripulante</b>	<b>Nome completo</b>	<b>DNI</b>	<b>Nº Teléfono</b>
	1			
	2			
<b>PROBA</b>	<b>DATA</b>	<b>TRIPULANTES (NOME COMPLETO)</b>	<b>DNI</b>	<b>SINATURA</b>
1ª regata		-----		
2ª regata		-----		
3ª regata		-----		
4ª regata		-----		
5ª regata		-----		
6ª regata		-----		

Nota

Ademais desta inscrición para a participación na Copa Mörling, cada dorna deberá formalizar ante o Comité Organizador a súa participación en cada unha das regatas antes da saída, coa antelación que se informe en cada momento por parte do colectivo responsábel da regata.

# MEDICIÓNS




FIGURA 1

## ESLORA DE FLOTACIÓN

NA POPA MÍDESE DENDE A UNIÓN ENTRE A ESTAMPA DE POPA E A PEZA DO CUAÑO (FIGURAS 1 E 2)




FIGURA 2





FIGURA 4

FIGURA 3



E NA PROA DENDE O PUNTO DA RODA QUE COINCIDE EN ALTURA COA UNIÓN DA TÁBOA DE VIRAR E A TÁBOA DO PLAN (FIGURAS 3 E 4)




FIGURA 5

ESLORA DE FLOTACIÓN

A MANEIRA MAIS SIMPLE DE FACÉLO É COA DORNA SOBRE A QUILLA, TIRANDO O PLOMO NOS PUNTOS SINALADOS, MARCANDO NO CHAN E MEDINDO A DISTANCIA ENTRE AMBOS.




FIGURA 6

## MANGA DE FLOTACIÓN

MÍDESE POR DENTRO (FIGURA 6), TOMANDO COMO REFERENCIA A UNIÓN ENTRE A TÁBOA DE CUBRIR E A TÁBOA DE VIRAR (FIGURA 7) POR PROA DA REMADOIRA




FIGURA 7

## ESLORA DO CASCO

MÍDESE DENDE A ZONA INTERIOR DO PINCHÓN DE PROA (FIGURA 8) ATA O PUNTO DE EMPATE DA MESA DE POPA COA ESTAMPA OU O TACO DO MOTOR (FIGURA 10)




FIGURA 8




FIGURA 9




FIGURA 10




FIGURA 11

## MANGA DO CASCO

MÍDESE POLA CUBERTA (FIGURA 11), TOMANDO COMO REFERENCIA A ZONA INTERIOR DO CINTÓN NA ZONA DE PROA DA REMADOIRA

## ESLORA TOTAL

MÍDESE DENDE A ZONA EXTERIOR DO PINCHÓN DE PROA ATA A PUNTA DAS RABEIRAS (FIGURA 12)




FIGURA 12

## MANGA TOTAL

MÍDESE TOMANDO COMO REFERENCIA O LÍMITE EXTERIOR DO CINTÓN NA ZONA DE PROA DA REMADOIRA (FIGURA 13)




FIGURA 13